

# BOMBEIRO FORESTAL. A revista do SPIF



Autonómica  
Primavera  
2019  
nº7

## EDITORIAL: MODO ELECCIÓN "ON"

Estamos ás portas dunhas novas eleccións para o persoal laboral da Consellería do Medio Rural, onde @s traballadoras/es escolleran aos representantes nos comités para os vindieros catro anos.

Este ciclo que estamos a punto de pechar deu para marcar fitos históricos como a consecución da categoría de Bombeir@ forestal e o encauzamento cara unha maior profesionalización do servizo, en contraposición cos nulos avances que obtivemos principalmente na recuperación dos dereitos cercenados.

O certo é que botando a vista cara atrás, a meirande parte dos logros a nivel estrutural no SPIF foron capitaneadas pola CIG; non so polas compañeiras e compañeiros que foron caras visíbeis como delegadas neste último ciclo, senón por todas aquelas que xa no 2008 proxectaban un Spdcif máis profesional e formado ao recoller no **V convenio colectivo obxetivos troncais como a categoría profesional, a pertenza ao servizo de emerxencias, a profesionalización de todo o dispositivo ao non quereremos postos cunha duración menor a nove meses....**

Todas estas cuestións, con máis de dez anos de antigüidade na folia de ruta da CIG, poideron materializarse grazas a tenacidade e esforzo colectivo dun grupo de traballo espallado por todo o país que fiou fino mesmo para conseguir xirar as filias privatizadoras desta nosa consellería. Ao fito da consecución da categoría de Bombeiro forestal, temos que engadir o feito de sermos un corpo de emerxencias a tódolos efectos.

A formación e a puxanza polo cumprimento da normativa en riscos laborais foron tamén pedras angulares no traballo CIG. Conseguimos invertir a tendencia nun dispositivo asediado polos intereses privados no 2011 cara un escenario onde o grao de profesionalización que fortalece ao Spif e o sitúa de novo nos números de eficiencia de antano; **o mellor valor para garantir postos de traballo de calidade.**



Mais non todo foron boas novas; a nula recuperación de dereitos, a contínua perda de poder adquisitivo, a asfixiante temporalidade e a sensación de formar parte dunha consellería

de segunda división foron lousas que non fomos quen avantalas. O esperpéntico comezo de 2019 con UGT e CCOO bailando "pegados" a función pública entregándolle un cheque en branco co acordo de concertación, especulando coa perigosa deriva da funcionarización que, a maiores de asulagarnos de incertezas, supuxo o funeral a recuperación de dereitos como o art.19.

De nada nos serve agora laiarnos, so nos queda combatalo.

Si alguén foi capaz de proxectar cal debía ser o camiño a seguir para o SPIF, e non parar ate acadalo, esa foi a CIG.

**CONTINUAMOS..!???**

## ÍNDICE

Editorial	1	Cadernos técnicos: O manexo da auga(II)	6	Candidaturas. Propostas da CIG cara ao vindeiro ciclo	8
Catro anos en accións	2	Semi máscaras de filtro combinado para o SPIF logo da denuncia da CIG	7		
Plan de Formación SPCIF.Acadámolo	4				

## MAIOR PROFESIONALIZACIÓN DO SPCIF



**FORMACIÓN:  
DÚAS PNL.  
CERTIFICADOS DE  
PROFESIONALIDADE.**

**PNL REORDENACIÓN  
SPDCIF:  
DUPLICAR BRIGADAS.  
MÍNIMO NOVE MESES...**

**PASBF**  
PLATAFORMA DE ASOCIACIONES Y SINDICATOS DE BOMBEROS FORESTALES

**¿Por qué se crea PASBF?**  
Tras décadas de existencia de los dispositivos de Prevención y Extinción de incendios forestales tanto autonómicos como nacionales y viendo la nula regulación tanto laboral como formativa de dispositivos además de la escasa defensa de un colectivo de 35000 trabajadores por parte de los sindicatos mayoritarios de este país, nos constituimos como plataforma para defender coordinadamente todo el territorio nacional y para regular la profesión de los miles de bomberos forestales, los cuales son ninguneados tanto por empresas como por administraciones, siendo nuestra profesión en pro del medio ambiente y el medio rural y llegando a perder en muchas ocasiones la vida en acto de servicio.

Vías de actuación:  
Vía política:  
Vía social  
Vía judicial  
Planes de PASBF

ASOCIACIÓN DE BOMBEROS FORESTALES

## PRINCIPAIS ACCIÓNS SINDICAIS DA CIG NO SPIF NESTES CATRO ANOS.

**"SON TODAS AS QUE ESTÁN, PERO NON ESTÁN TODAS AS QUE SON".**

### ● **CONQUISTA DA CATEGORÍA PROFESIONAL 5932 BOMBEIRO FORESTAL.**

Dende a propia redacción do convenio no 2008 ate día oito de Setembro de 2016, día que se asinou o acordo de bombeiros forestais, a CIG desenvolveu innumerábeis accións ate a súa consecución.

Coa presentación da PNL no parlamento galego coa data de 20 de Xaneiro de 2015, dende a CIG iniciamos o asalto final cara esta consecución histórica.

Entre esas datas esta central desenvolveu máis de quince accións en inspección de traballo, comisión paritaria, unha segunda PNL en Setembro de 2015, accións e escritos diante das xefaturas territoriais, SEPE, seguridade social, sentenzas individuais que recoñecían a categoría profesional dende seis meses antes da sinatura do acordo, solicitude diante da valedora do pobo adaptación correcta dos grupos de cotización...e un longo etc.

Comezamos dende entón a traballar na implantación tanto dos coeficientes redutores da idade de xubilación como nas enfermidades profesionais.

### ● **ESIXENCIA INTEGRACIÓN PLENA COMO SERVIZO DE EMERXENCIAS.**

Coa entrada en vigor en Xaneiro de 2016 da nova lei de protección civil, somos a tódolos efectos servizo de emerxencias.

De xeito indirecto aproveitamos este paso adiante para afortalar tódalas solicitudes que isto implicaba.

Por parte da Xunta, sempre reacia a executar esta parte, non se fixo o máis mínimo para que o SPIF, perfectamente artellado e distribuído para realizar estas tarefas, entrara a actuar neste tipo de emerxencias.

Tanto a propia lei, como as tarefas inherentes á categoría profesional contemplan as emerxencias no medio natural e rural, coa imprescindible formación para estas que tamén reclamamos.

### ● **CAMPAÑA DE DENUNCIA DOS PLANS DE ACCIÓN.**

Os plans de acción, son documentos que forman parte do plan de prevención de riscos. No noso caso están divididos en tarefas de prevención e tarefas de extinción.

No plan en sí o que recollen son unha serie de accións correctoras a acometer en determinadas tarefas e nun periodo de tempo.

Como este plan tiña data de 2013, e no 2016 aínda non se acometera a primeira das medidas correctoras, comezamos unha campaña específica - en marzo de 2017- de denuncia en inspección de traballo dos plans de acción plantexada simultaneamente nas catro provincias, onde denunciámos nun primeiro momento ate catorce incumprimentos. Forzamos así á Consellería do Medio Rural a tomar cartas no asunto en cuestións como:

**os equipos de respiración de emerxencia, as comunicacións entre persoal de Brigada, avituaimaneto non prececedeiro, entrega das fichas F-01...e un etc**, de medidas que tres anos despois da aprobación deste plan non se fixera absolutamente nada. Para elo denunciámos como responsábeis, tal e como recolle o propio plan ás Xefaturas de distrito como responsábeis directas e as xefaturas provinciais como responsábeis das supervisións.

A día de hoxe seguimos no subcomié de epis a evolución na incorporación

destes novos equipamentos, en fase de tramitación na maior parte deles. Seguiremos pendentes ate a súa incorporación definitiva ao SPCIF.

### ● PUBLICACIÓN DE OITO NÚMEROS DA REVISTA "BOMBEIRO FORESTAL".

Dende que no outono de 2015 botamos a andar este boletín, van con este oito números, tentamos traer a actualidade de todo o que aconteceu no SPCIF, en especial das accións que dende a CIG levabamos a cabo.

Mediante un análise de todo o que acontecía no noso servizo, e coa achega de artigos técnicos - principalmente das tarefas na extinción e de prevención de riscos, tentamos dende a nosa perspectiva aportar un grao de area cara unha maior profesionalización do servizo, entendendo a información como principal ferramenta para o empoderamento das traballadoras.

### ● PUBLICACIÓN DE CADERNOS TÉCNICOS:

Ante a ausencia total de formación por parte da Consellería do Medio Rural, dende a CIG a maiores de denunciar esta eiva levamos adiante a realización de cursos-charlas coa correspondente elaboración dos cadernos técnicos; estes foron:

1. O manexo da auga nos incendios forestais.
2. O uso do contralume nas tarefas de extinción de incendios forestais.
3. Caderno especial Bombeiro Forestal.
4. Curso sobre os lumes de convección.
5. Caderno especial denuncia Plans de acción.

### ● PRESENTACIÓN DE CINCO(+1) PNL - proposición non de lei- NO PARLAMENTO GALEGO.

Ao longo destes catro anos, como parte da acción sindical diante do rodillo institucional que aplicaron simbioticamente a Consellería do Medio Rural e a Dirección Xeral da Función pública, dende a CIG optamos por abrir novas vías por onde poder avanzar.

1. Presentamos dúas PNL, en Abril 2016 e Febreiro de 2017, para acadar o **aumento da temporalidade nos contratos do actual reforzo de verán ate un mínimo de nove meses**. So o Partido Popular se opuxera a esta reivindicación

### 2. Dúas PNL sobre a formación e cualificación profesional do dispositivo.

Na primeira- Xaneiro de 2016- obtivemos o compromiso da convocatoria dos

certificados de profesionalidade en "operacións de vixilancia e extinción e apoio a continxencias no medio natural e rural".1

Na segunda PNL de formación que presentamos - Abril de 2018- buscamos concretamente que se formara @s traballadoras do SPCIF nos contidos que conforman ese certificado de profesionalidade, cunha formación regrada e en horario de traballo, regulada no Real Decreto 624/2013.

Esta Pnl foi acatada integramente pola comisión de investigación parlamentaria creada ao abeiro dos lumes de Outubro do 17, e foi incluída no ditame final.

A día de hoxe xa está creado un grupo específico de traballo na dirección xeral de defensa do monte para a formación no SPIF froito do traballo en solitario que a CIG levou a prol da formación e profesionalización no SPIF.

### 3. PNL de reordenación do SPCIF.

En Decembro de 2018 voltamos ao Parlamento para expoñer esta nosa proposta de futuro para o SPCIF. Tamén a expusemos diante do comité de expertos que asesoran á Consellería.

As nosa premisas básicas:

- Duplicar o número de brigadas coa incorporación de tres compoñentes.
- Temporalidade de todo o dispositivo nunca inferior a nove meses como servizo de emerxencias que somos.
- Plan de formación.
- Plan de remodelación infraestruturas.

4. Campaña cos grupos parlamentares para denunciar a **xestión irregular dos fondos feader na contratación das Brigadas municipais**. Esiximos unha contratación única por parte da Xunta.

### ● COLABORACIÓN COA PLATAFORMA PASBF.

Na loita pola consecución dun estatuto básico para @s Bombeiras Forestais de todo o estado. Traballo en rede en tódalas pequenas e grandes conquistas do noso colectivo.



# PLAN DE FORMACIÓN PARA O SPDCIF. ACADÁMOLO!

***Esta foi a proposta concreta que a CIG presentou na mesa que se creou para tal efecto , baseada na PNL presentada parlamento galego.***

Dende a CIG abordamos a estruturación do plan formativo para o SPIF apoiándonos no pilar básico sobre o que pivotamos dende a orixe na demanda desta formación.

Este pilar é a PNL de formación presentada pola CIG no pasado ano 2018 que se inseriu integramente no ditame da comisión parlamentaria que analizou a crise incendiaria de Outubro DE 2017 e que quedou plasmado, no relativo á formación para o SPCIF, na recomendación 108 do ditame que contou coa aprobación do parlamento galego.

A familia profesional á que pertence o SPIF, é a **familia profesional de seguridade e medio ambiente**, que se desenvolve no real decreto 624/2013 de 17 de Setembro. Aquí desenrólanse de xeito pormenorizado os módulos e as unidades formativas – M.F e U.F.– cun contido específico que abranguen todo o necesario para ter un servizo formado de cara as competencias que son propias. Estas competencias veñen reflexadas no **certificado de profesionalidade SEA 595/2 " Operacións de vixilancia e extinción de lumes forestas e apoio a continxencias no medio natural e rural, e no real decreto 1031 /2011 de 15 de Xullo**, o cal establece as competencias precisas dos traballadores do SPDCIF.

Tal e como propuxemos na nosa PNL, entendemos que é vital a formación, porén ao tratarse dunha formación estendida no tempo precisa dunha importante programación previa para que non afecte a capacidade do SPIF, motivo polo que establecemos períodos onde o servizo non vexa comprometida a súa eficacia .

Consideramos imprescindible que a formación sexa deslocalizada e impartida por técnico@s da propia administración para evitar custos derivados da contratación de empresas externas, ao mesmo tempo de aproveitar os recursos internos da propia administración que conta cos técnicos con máis experiencia práctica da contorna.

Débense ter en conta os períodos de baixa actividade incendiaria, contemplando indicadores como o IRDI que poidan alterar a previsión dos períodos lectivos, para así non comprometer o funcionamento do servizo.

Dende a CIG propoñemos que se establezan procesos axeitados e se plasmen nun plan plurianual que garanta tanto a formación como un correcto funcionamento do servizo.

Ademais esiximos equiparar a definición exacta dos cursos ao das unidades formativas para que se poidan conectar máis facilmente ás certificacións profesionais, podendo acadar no futuro a homologación destes cursos como así acontece noutras partes do estado, en base

tanto ao real decreto 1031/2011 como ao real decreto 624/2013. Pulamos logo pola imprescindible formación pero enmarcada dentro da xa existente e específica para a nosa categoría regrada e homologable en base a lexislación estatal.

É importante entón que a denominación dos cursos se axeite e contemple as denominacións dos módulos e unidades formativas para así a maiores de formar ao dispositivo, @s traballadoras poidan acceder de xeito directo as certificacións profesionais.

Isto non supón un custe a maiores, ao contrario, co mesmo desembolso , se amplía o horizonte tanto no plano individual e colectivo das traballadoras, como se axeitaría a todo o dispositivo ao marco formativo europeo, prevendo á propia administración a posíbeis problemas futuros de encadres normativos.

A nosa proposta establece o seguinte calendario de cursos:

## **ANO 2019:**

### **Código UF 2363:**

- Actuacións básicas para o control de incendios en ataque ampliado.
- Incendios forestais de comportamento extremo.
- Duración : 70 horas.

### **Código - M.F. 0272\_2:**

Denominación:

- Primeiros auxilios. 40 horas.

**Horas totais ano 2019: 110 horas.**

## **ANO 2020.**

### **Código U.F. 2349.**

Denominación:

- Actuación en sucesos por fenómenos naturais, vendavais, inundacións, riadas, afundimentos por efecto de terremotos ou corremento de terreo e outros.
- Duración: 50 Horas.

### **Código U.F. 2364:**

Denominación:

- Actuación para o control de incendios co apoio de medios aéreos e emprego de lume técnico.
- Duración: 50 horas.

### **Código U.F. 2360.**

Denominación:

- Topografía e comunicación. Coñecementos básicos.
- Duración 30 horas
- **TOTAL HORAS 2020 :130 HORAS.**

### **ANO 2021.**

#### **Código U.F.2361.**

Denominación:

- Operación básicas de vixilancia e detección de incendios forestais, revisión e mantemento de infraestruturas de prevención e instalación de extinción e divulgación das medidas preventivas.
- Duración: 50 horas.

#### **Código: U.F.2362.**

Denominación:

- Actuacións para o control de conatos en ataque inicial.
- Duración 30 Horas.

#### **Código M.P. 0491.**

Neste caso subdividir o módulo en dúas partes.

Parte 1:

40 horas. Dende o C1 ate o CE 4.

Denominación:

- Módulo de prácticas de operación de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio en continxencias no medio natural e rural.

**Total ano 2021 : 120 horas.**

### **ANO 2022:**

#### **Código U.F. 2365.**

Denominación:

- Intervención en continxencias causadas por accidentes de tráfico, mercancías perigosas e incendios en edificacións no medio natural e rural.
- Duración: 50 horas.

#### **Código. M.P. 0491. ( 2ª parte)**

- Módulo de prácticas profesionais de operación de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio en continxencias no medio natural e rural.
- Dende C5 ao C7.
- Duración 40 horas

**Total ano 2022: 90 horas.**

- Importante engadir un curso de condución de todo terreo cada dous anos, de oito horas de duración.
- Tamén cada dous anos, un curso de aplicación informática de 15 horas de duración a emisoristas e vixiantes.
- Importante que a confección de cadrantes teña o tempo e adicación necesaria, tanto para garantir o perfecto funcionamento do servizo como para garantir o dereitos dos traballadores. Planificaranse tendo en conta tódalas posíbeis casuísticas xa que ao estar diante dunha formación en horarios de traballo, non se pode enfocar dende unha visión unicamente de cadrantes individuais ou grupo de traballo.
- Este plan de formación deberá contar cunha comisión de valoración e seguimento do mesmo. Par a CIG este plan plurianual de catro anos e so o inicio do que pretendemos sexa o presente e futuro dun SPDCIF conectado aos novos tempos.

## **A QUE XOGA MEDIO RURAL??**

Dende que en Abril de 2018, a Consellería do Medio Rural anunciara a reordenación do SPIF, ate o día de hoxe, moito se ten falado pero pouco ten mudado a situación real. Isto é consecuencia da e a interesada estratexia de confusión por parte da Xunta, comezando por unha mesade negociación que se abriu e se pechou unha vez non ineresaba o que alí se presentaba.

Como parte desa proposta aparecían novas prazas para extinción que serían o resultado de retirar a encomenda de xestión en extinción de incendios a SEAGA.

Para isto, función pública presente en todo momento nesta proposta, estaba disposta a modificar o decreto de xestión de listas e a puntuar o tempo traballado en Seaga, lembramos isto a data de Abril de 2018.

Estamos en Xuño de 2019, e a falta de negociación traduciuse en **escurantismo**, improvisación despilfarro presupostario e un sinsentido de incertezas.

Que aconteceu durante estes meses, para que a Xunta fixera propostas trampa con moito xogo sucio?

Por que ao entecruzar a reordenación coa **funcionarización**, a Consellería non é capaz de garantirmos o futuro da actual estrutura Fixa descontínua de nove meses do SPIF, cunha altísima porcentaxe de temporais diante da proposta de funcionarización, xa que esta so está dirixida a persoal laboral fixo...??

Por que se botan a pelota continuamente nestas cuestións **Función pública e Medio Rural?**

Nula xestión con mala intención....mal negocio.

# CADERNOS TÉCNICOS

## O MANEXO DA AUGA NOS INCENDIOS FORESTAIS(II)

A xestión da auga e as súas configuracións de aplicación son determinantes para mellora das condicións extintoras.

Nos lumes que atopamos a día de hoxe, onde cada vez é mais frecuente o interface urbano forestal, sumados ao cambio climático con periodos de seca cada vez mais longos, precisamos regular o consumo de auga de forma moi precisa.

O elemento principal de descarga de auga é a súa forma de descarga é a **lanza**. Polo tanto unha escolla adecuada da mesma garante mellores rendementos tanto en eficacia como en consumo de auga.

Actualmente dispoñemos de tres modelos fundamentais:

**Modelo francés**- tres efectos-chorro pulverización e peche.

**Modelo alemán**: catro efectos\_ chorro, peche, pulverización e nebulización.

**Modelo de efectos múltiples** :que ofrece modelos intermedios de descarga entre os dous modelos anteriores.

O modelo francés e alemán, non permiten a regulación de caudal, en cambio os modelos de última xeración como pode ser os modelos "vipper 550" con difusor invertido, permiten xestionar o consumo de auga na punta de lanza, aínda que este tipo de lanzas precisan dunha presión -na punta de lanza - superior as anteriores para facer tódolos seus efectos. Neste caso concreto, entre 5 e 7 bares en punta de lanza para obter con calquera caudal unha configuración de gota perfecta, que no caso destas lanzas é inferior a un milímetro por gota, garantizando practicamente a absorción da radiación do lume forestal no 80%, sempre que o caudal mínimo e presión adecuada sexa entre 10 e 11 bares en punta con caudais de 100 litros por minuto en atmósferas dunha especial potencia de radiación.

Nos lumes de interface temos que ter en conta o suministro permanente da auga. Moitas veces non é factible telo, polo tanto a xestión da mesma é determinante para facer fronte aos riscos inherentes desta situación.

Diante dunha situación complexa, como mínimo debese dispoñer de 500 litros de auga para poder garantir con caudais de 100 litros minuto, entre dous e minutos e medio e tres minutos de máxima protección con dúas lanzas.

A técnica de bombeo debe ser sempre que se poida alta presión, xa que dispoñemos dunha presión moi

alta con tamaño de gota moi fino e con un caudal moi inferior, o que nos permite aforrar auga, ter unha perda de carga inferior e obter uns rendementos moi superiores xa que con caudais rondando os 100/120 litros minuto, dispoñemos dunha elevadísima capacidade de extinción sen desperdiciar auga.

Así mesmo o emprego de retardantes é útil tanto para unha defensa pasiva protexendo edificación ou vivenda con especial risco como ao mesmo tempo protexer aos bombeiros forestais e á poboación.

Tenderemos ao emprego tanto de retardantes de

corto como de longo efecto e viscosantes, o que nos permitirá obter uns rendementos na extinción moi superiores, alonxando o máis posíbel os riscos para os bombeiros. Os retardantes mais comúns que se empregan en incendios forestais son os de corto efecto -tensioactivos aniónicos ou espumas de baixa expansión 3-30 x-. cunha duración máxima de 60 minutos -dependendo das condicións climáticas- e as técnicas de formación da espuma. A dose de aplicación pode oscilar entre 0,1 e o 1%.



**Retardantes de longo efecto**: inicialmente actúan como os anteriores ate que o lume chega a eles, polo que reaccionan quimicamente liberando anhídrido sulfúrico antilapa e anhídrido fosfórico, eficaz anti lapa e anti brasa. As sustancias más empregadas son os sulfatos de amonio e os fosfatos de amonio. A forma de aplicación pode ser dende vehículos autobomba ou dende medios aéreos, e é fundamental nos dous tipos de retardantes que estean no combustible ou na zona a protexer antes de que o lume chegue a eles.

**Reacción de lanza**: Ao descargar auga a través dun orificio prodúcese un empuxe onde a enerxía se calcula coa seguinte fórmula:

**Reacción en lanza** :  $R=2PS$ , sendo P a presión en lanza e S a sección da boquilla en cms.

En lanzas de 25 mm, un cálculo sinxelo é multiplicar a presión en punta por 0,4 en boquillas de 5 mm, ou 0,8 si a boquilla é de 7 mm.

# PREVENCIÓN E DEMÁIS

## AS MASCARILLAS CON FILTRO COMBINADO INCLÚENSE NOS PREGOS DOS EPIS GRAZAS A DENUNCIA DA CIG.

A protección respiratoria ten centrado boa parte do traballo da CIG en canto á mellora da protección [d@s traballadoras](#) en primeira liña de extinción dos últimos tempos.

A través de numerosos escritos levamos tempo esixindo á Xunta de Galicia a necesidade de mellorar a protección respiratoria [d@s traballador@s](#). Paralelamente fixemos unha denuncia inicial pola non aplicación dos plans de acción, tendo resolución favorábel de inspección de traballo. Ademais especificamente vendo que a evolución da protección respiratoria- fundamental ao noso entender- non evolucionaba coa rapidez que se precisa, denunciámos especificamente a protección respiratoria nas catro provincias do País, obtendo resolucións favorábeis á nosa denuncia.

Por outra parte temos que recoñecer a boa actitude da Xunta de Galicia, no subcomité de Epis, aínda que fixemos as denuncias para axilizar o proceso.

Xa están estas semi máscaras plasmadas -a día de hoxe- nas licitacións de epis da Xunta de Galicia para ano 2019,20 e 21 por un custe aproximado de 230.000 euros.

Entendemos que a protección actual baseada nun simple filtro de partículas, aerosois e neblinas é insuficiente para a protección [d@s traballador@s](#), a cal ven regulada pola lei 31/1995, en particular a protección contra o risco relacionadas co real decreto 374/2001.

Pois ben, dende a CIG levamos tempo pedindo a introdución dunha semi máscara de calidade e protección axeitadas para os riscos respiratorios aos que están expostos no desenrolo das súas funcións @s Bombeir@s forestais, neste caso, da Xunta de Galicia.

Tivemos coñecemento nas últimas datas dun estudo realizado pola Dirección Xeral de protección da cidadanía da Comunidade de Madrid, sobre a exposición de contaminantes químicos presentes no ámbito dun incendio forestal.



Este estudo desenrolouse baixo unhas medidas concretas tanto de tamaño (400 m<sup>2</sup>) como de tipo de vexetación moi concreto (piñeiro, sobreira, jara, pasto)cunha ventilación abundante, un escenario case idílico se o comparamos coas condicións extremas que se poden dar nun incendio forestal tipo que se da en Galicia.

Isto da un resultado que avala a necesidade de protección respiratoria que dende a CIG levamos tempo esixindo.

Este informe toma como gases de referencia da análise - Formaldehidos, Acroleínas e Monóxido de Carbono, deixando outros gases presentes que poden ser letais - baseados en numerosos estudos científicos determinados - como o Dióxido de Carbono, o gas mais frecuente nos incendios forestais. Este gas ten unha característica perigosa como é que incrementa de forma moi importante o ritmo cardíaco e o respiratorio, contribuíndo á inhalación máis frecuente de gases máis perigosos, como a Acroleína, Formaldehína e Monóxido de Carbono, Tamén a inhalación de Monóxido de Carbono, de aire quente saturado de humidade, que con temperaturas preto dos 60 ° C e con saturacións próximas ao 100%, poden producir graves queimaduras nas vías aéreas.

Apórtanos datos interesantes este estudo, máis teremos en conta que é unha análise insuficiente en canto aos riscos derivados dun gran incendio forestal, xa que so analiza parte dos gases, e se realizou

nunhas condicións con moi pouca carga de combustible de escasos 400 m<sup>2</sup>.

Este estudo indícanos que @s bombeir@s forestais , cando actúan en posicións (e condicións) desfavorábeis, que soen ser as máis frecuentes sobre todo en tamaño de incendios importantes e en labores supéranse ate cinco veces os valores limites ambientais de exposición (VLA-EC) en Acroleína e Formaldehido en valores limites ambientais diarios ( VLA-ED), supéranse máis de cinco veces o valor límite diario en exposicións favorábeis i en posicións desfavorábeis ate o 5,25 a exposición de Monóxido de Carbono.Lembramos que sempre falamos dun ensaio dun tamaño escaso 400 m<sup>2</sup>.

Como indica o art. 5 do R.D 665/97 o empresario garantirá que o nivel de exposición dos traballadores ao risco sexa tan baixo como sexa tecnicamente posíbel.

Avalan esta nosa solicitude o CLIF, o citado estudo da Comunidade de Madrid, e o propio plan de prevención e riscos do Spdcif.

**É imprescindible que se equipe dende xa ao persoal de extinción con semi máscaras con filtro combinado tipo FFP2, protección media, e se aplica a semi máscaras con filtros ABEKP2/3 (vapores orgánicos, gases e vapores ácidos, amoníaco e partículas.**

## CANDIDATURAS DA CIG COMITÉ DE EMPRESA MEDIO RURAL OURENSE.

### Colexio Técnicos:

NOME	POSTO	LUGAR
1º. Jorge Álvarez Castro "Xurxo"	Controlador pecuario	Fonte Fiz

### Colexio Especialistas (@s 17 primeir@s postos)

NOME	POSTO	DISTRITO
1º. Xoan Darriba Barreiro	B.F.X.C	XI
2º. Eduardo González Perez " Eri"	B.F	XII
3º. Rosa Rivas Lois	B.F	XIV
4º. José Antonio Rodríguez López	B.F.C	XIII
5º. Mari Carmen López Díaz	Vixil.	XV
6º. Manuel Martínez Méndez. "Sankey"	B.F.C	XII
7º. Roberto Quiroga López	Vixil.	XIII
8º. Xosé Barxa Branco	B.F.Hel .	XIV
9º. Francisco J. Fernández Alonso	B.F.AUT	XII
10º. Florentino Fernández Amaro "Floro"	B.F	XI
11º. Julio Gil Rúa	B.F.AUT	XV
12º. María Asunción López Gonzalez "Mus".	Emisor.	XI
13º. Manuel Couxil Martínez	Peón Agrario	Fonte Fiz
14. Susana Nieves Rodríguez	B.F	XIV
15º. Domingo Gómez Rodríguez	B.F.Ofi .	XII
16º. Julio Taboada Novoa	B.F	XI
17º. Fernando Parente González	Peón Forestal	Viveiro os milagres .

## PROPOSTAS DA CIG CARA O VINDEIRO CICLO:

- Funcionarización**-pasos previos a calquera proceso-
  - Garantizar o mantemento de tódalas prazas.
  - Garantizar salarios netos.
  - Definir o novo organigrama e funcións no Spif.
  - Garantir a promoción coa creación dun subgrupo no C1.
  - Resolución previa dos desaxustes curriculares actuais.
  - Mesa negociadora urxente.
- Redución da elevadísima temporalidade no SPIF.**
- Adaptación continua do SPIF ás multiemxencias no medio natural e rural.**
- Plan de formación do SPIF adaptado ao marco normativo do R.D 624/2013.**
- Desenrolar os certificados de profesionalidade nivel 3 segundo o R.D 624/2013.**
- Plan de reordeación do SPIF.**
  - Duplicar o actual número de Brigadas coa incorporación de 1 Bombeir@ Forestal 1Bombeiro Forestal Conductor/a e 1 Bombeiro F. Xefe/a de Brigada.
  - Temporalidade mínima de 9 meses para tód@l@s traballador@s.
- Adaptación dos plans de acción e esixir o seu obrigatorio cumprimento.**
- Desenrolo da aplicación de enfermidades profesionais e coeficientes redutores tal e como recolle o R.D 383/2008.**
- Preparación d@s vixilantes para que sexan quen manexen as novas tecnoloxías de vixilancia.**
- Adaptación dos vehículos autobombas e pick-up do Spif as novas necesidades; maior capacidade intrínseca de extinción.**
- Formación práctica e teórica sobre o manexo do lume en tódalas súas variantes.**
- Necesaria suba salarial.**
- Recuperación dos dereitos roubados, en especial o art. 19 do V.C.C.U.**
- Continuaremos colaborando coa PASBF para acadar o estatuto Básico de B.F no estado.**
- Brigadas helitransportadas. Que volten a ser xestionadas directamente pola Xunta na súa totalidade.**



**Confederación Intersindical Galega**